

Manos Unidas
CAMPAÑA CONTRA A FAME



CAMPAÑA LV

memoria
2014



sumario

<u>carta da presidenta</u>	3
<u>quen somos?</u>	4
<u>que facemos?</u>	7
1.- sensibilización	8
2.- proxectos de desenvolvemento	10
<u>por que o facemos?</u>	17
<u>as nosas contas</u>	18
<u>transparencia</u>	20
<u>agradecementos</u>	21
<u>as delegacións</u>	23





Prezados amigos e colaboradores:

Nesta memoria atoparedes, sintetizada, a actividade realizada por Manos Unidas no ano 2014 xunto aos datos básicos que debuxan a nosa identidade e carácter. A páxina web ofrece moita máis información para aqueles que a necesiten.

Centramos a campaña deste ano no octavo Obxectivo de Desenvolvemento do Milenio que busca “fomentar unha alianza mundial para o desenvolvemento”. Sen esta alianza, sen unha grande confluencia de forzas a todos os niveis, tanto do Norte como do Sur, vai ser imposible facer fronte a un reto como o que nos presenta o problema da fame. O lema que empregamos na campaña, **“Un mundo novo, proxecto común”**, pretende sintetizar esta aspiración, esta unión de forzas. O cartel da campaña, que acompañou ao lema, contén numerosas siluetas con referencias á paz, ao voluntariado, á xustiza, á educación, á sanidade, á igualdade, ao comercio xusto... e tamén a outras dimensións básicas no desenvolvemento e na solidariedade que, xuntos, buscan conformar a imaxe dese “mundo novo” ao que aspiramos, a cuxa construción todos estamos convidados. A imaxe central expresa o crecemento en materia de fraternidade e de paz, fraternidade universal como condición necesaria para crear condicións de desenvolvemento en plenitude. Só este camiño, que é de xustiza, de amor e de paz, poderá abrir un horizonte realmente sólido para construír a grande familia humana no noso mundo.

En 2014, en Manos Unidas realizamos un traballo de concienciación sobre esta materia e respondemos tamén, na medida das nosas posibilidades, a dous feitos relevantes do ano: o novo brote epidémico do ébola que provocou varios miles de mortes, a meirande parte ocorridas na África Occidental, e o aumento da tensión e dos enfrontamentos en Oriente Próximo. Manos Unidas dedicou recursos importantes á loita e prevención do ébola respondendo así á chamada realizada pola Comunidade Económica de Estados de África Occidental (CEDEAO). En canto aos conflitos, a extraordinaria complexidade das situacións creadas, nas que interveñen numerosos factores internos e internacionais, limitou o apoio aos nosos socios locais nestes lugares, pero, con todo, non tivemos que suspender ningún proxecto e fomos quen de apoiar a comunidades desprazadas ou refuxiadas, mesmo en países veciños onde non traballamos.

Á vez que ofrecemos a síntese informativa contida nesta Memoria, desexamos facerlles chegar o noso agradecemento aos socios e colaboradores de Manos Unidas e a todos os que, de distintos xeitos, fan posible o labor que realizamos de servizo aos máis pobres e de resposta ás demandas do Sur que é motivo de esperanza para moitos.

Soledad Suárez
Presidenta



quen somos?



Manos Unidas/M^a Eugenia Díaz

En 1955 a Unión Mundial de Organizacións Femininas de Acción Católica declarou “a guerra á fame”. En España, este chamamento foi recollido polas Mulleres de Acción Católica no ano 1959, constituíndo a “Campaña contra a Fame en España”, que posteriormente coñecemos como Manos Unidas.



Manos Unidas é a Asociación da Igrexa Católica en España para a axuda, a promoción e o desenvolvemento dos países en vías de desenvolvemento. É ao mesmo tempo unha Organización non Governamental para o Desenvolvemento (ONGD), de voluntarios, católica e segrar.

A nosa misión é loitar contra a fame, a deficiente nutrición, a miseria, a enfermidade, o subdesenvolvemento e a falla de instrución; e traballar para erradicar as causas estruturais que os producen: a inxustiza, o desigual repartimento dos bens e as oportunidades entre as persoas e os pobos, a ignorancia, os prexuízos, a insolidariedade, a indiferenza e a crise de valores humanos e cristiáns (Estatutos, art. 5°).

ESTRUTURA

Manos Unidas ten unha estrutura diocesana, que lle permite estar presente en todo o territorio nacional. A misión das **70 delegacións** é a sensibilización da poboación española sobre a situación do mundo, e a recadación de doazóns para financiar os proxectos de desenvolvemento que apoia a organización. Manos Unidas conta tamén cuns **Servizos Centrais** en Madrid.

PERSOAS

O voluntariado é un dos sinais de identidade de Manos Unidas. Desde os órganos de goberno da organización, que deben estar constituídos por persoas voluntarias, ata o traballo de base. No ano 2014, **5146 voluntarios** deron o seu tempo e o seu bo facer á organización de forma regular.

Durante este ano contamos co apoio incondicional de **79.205 socios e colaboradores**, que confiaron no noso traballo por construír un mundo mellor.

O noso labor sería imposible sen todos eles: voluntarios, contratados, socios e colaboradores, parroquias, escolas, empresas, asociacións e fundacións, medios de comunicación... e todos os que confían en nós.

Moitas grazas a todos!

REDES INTERNACIONAIS

Nun mundo globalizado, as relacións entre persoas, países e continentes son necesarias e enriquecedoras.

Manos Unidas está presente en redes e organismos nacionais e internacionais:

- Consello Pontificio Cor Unum
- CIDSE (Cooperación Internacional para o Desenvolvemento e a Solidariedade)
- CONCORD (Confederación para a Cooperación das ONG de axuda e desenvolvemento)
- CONGDE (Coordinadora de ONG para o Desenvolvemento de España)
- Fundación Sur
- Pacto Global contra a Pobreza
- Foro de Laicos
- Consello Nacional de Misións
- Plataforma do Voluntariado de España
- Asociación Española de Fundraising
- Pacto Mundial
- UMOFC (Unión Mundial de Organizacións Femininas Católicas)



Organigrama de Manos Unidas en 2014

ÓRGANOS DE GOBERNO

Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno de Manos Unidas. Reúnese dúas veces ao ano.

Presidenta

70 Presidentas-Delegadas diocesanas

1 Representante dos Servizos Centrais

Comisión Permanente

Comisión Permanente

A Comisión Permanente é o órgano de goberno que, subordinado á Asemblea Xeral e seguindo as súas directrices, dirixe o funcionamento de Manos Unidas. Reúnese unha vez ao mes.

Presidenta

Soledad Suárez

Consiliario

Mons. J. José Omella

Viceconsiliario

José Juan Fresnillo

Vicepresidenta

Mercedes Piñeiro

Secretario

José Valero

Tesoureiro

Tomás Rodríguez

Secret. Xral. Acción Católica

Ricardo Loy

Presidentas-Delegadas representantes da Asemblea (5)

Benita Asensio, M^a Luisa Salas, Lorena Arranz, Araceli Caveno, Fco. Javier Fornell

Representantes dos Servizos Centrais (3)

Sonsoles Fernández-Iriondo, Julián Jiménez, Clara Pardo

ORGANIZACIÓN A NIVEL DIOCESANO

Equipo Directivo Diocesano

Presidenta/
Delegada

Vicepresidenta/
Vicedelegada

Secretaria

Tesoureira

ÓRGANOS DE XESTIÓN

Servizos Centrais

Os Servizos Centrais son os servizos técnicos e administrativos encargados de levar á práctica os acordos adoptados polos órganos de goberno da Asociación.

Presidenta

Soledad Suárez

Secretario Xeral

Rafael Serrano

Secretaría Dirección
Secretaría Técnica

Área de Administración
de Recursos e Persoas

Área de Educación
para o Desenvolvemento

Área de Comunicación
e Presenza Pública

Área de Xestión Financeira
e Planificación

Área de Delegacións

Área de Proxectos



Javier Cuadrado

Manos Unidas, inspirándose no Evanxeo e na Doutrina social da Igrexa, mantén dúas liñas de traballo:

- **Dar a coñecer e denunciar a existencia da fame e do subdesenvolvemento, as súas causas e os seus posibles remedios.**
- **Reunir medios económicos para financiar os programas, plans e proxectos de desenvolvemento integral encamiñados a atender estas necesidades.**



No ano 2014, Manos Unidas levou a cabo a súa campaña número LV que, co lema “**Un mundo novo, proxecto común**”, pechaba o ciclo (2000-2014) que dedicamos a traballar polo cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM). Durante 12 meses esforzámonos por dar a coñecer a necesidade de “**Fomentar unha asociación mundial para o desenvolvemento**”, o último dos obxectivos cos que 189 nacións do mundo comprometéronse a acabar con moitos dos males que afectan ao mundo. Un obxectivo no que debemos participar todos: os gobernos de aquí e de alá, as institucións, as empresas, as organizacións internacionais, as ONG e, por riba de todo, **de xeito fraternal, as persoas**.



SENSIBILIZACIÓN

Unha das principais tarefas de Manos Unidas é dar a coñecer e denunciar, perante a sociedade española, a existencia da fame e do subdesenvolvemento, así como as súas causas e posibles solucións.

Non podemos avanzar cara a un desenvolvemento integral solidario da humanidade se continuamos pensando que o progreso é só unha cuestión de mellorar procesos económicos, políticos ou sociais. Necesitamos un compromiso solidario mundial baseado na verdade da natureza humana que nos reclama o recoñecemento dos outros como verdadeiros irmáns.

No ano 2014 traballamos para sensibilizar á sociedade española con feitos e exemplos de que un mundo novo é posible. Ademais, seguimos atentamente a celebración do Ano Internacional da Agricultura Familiar, que xoga un papel chave no desenvolvemento sostible e no fortalecemento das sociedades; analizamos a fondo as oportunidades das novas tecnoloxías e traballamos polo emprego xuvenil cuxa promoción nos países máis pobres pode significar a construción dunha sociedade con perspectivas de futuro.

Operación Enlace

- Nesta tarefa de sensibilización, a Operación Enlace xoga un papel fundamental xa que, a través das iniciativas de desenvolvemento que apoia Manos Unidas, **xera ligazóns entre persoas ou grupos** da sociedade española e as comunidades beneficiarias, achegándolles a súa realidade e condicións de vida. **En 2014, Manos Unidas realizou 496 Operacións Enlace.**

CAMPAÑAS EN REDE

Manos Unidas, dentro da súa filosofía de traballo en rede, participa en diferentes campañas de sensibilización da sociedade española.

O **obxectivo** destas campañas é dar a coñecer as situacións de inxustizas esquecidas, as desigualdades crónicas ou os conflitos emerxentes e ofrecer estilos de vida, opcións e proxectos alternativos dirixidos ao cambio de comportamentos, valores e estruturas de inxustiza.



Por iso seguimos sendo membros activos da campaña “**Unha soa familia humana, alimentos para todos**” e participamos en diversos foros, como o Comité de Seguridade Alimentaria da FAO en Roma.

outras actividades de sensibilización



En 2014 entregamos a La2 Noticias de TVE, o **I Premio Especial Manos Unidas** creado para recoñecer ao medio de comunicación

(prensa, TV, radio, Internet...) ou ao profesional da comunicación (periodismo, fotografía...) cuxo labor e traxectoria mellor representen os valores do periodismo como ferramenta indispensable de combate contra a pobreza e a fame no mundo.

TI PODES DAR LUZ AO MUNDO

En outubro celebramos a II edición das “**24 horas que moven o mundo**”, unha actividade que, co lema “Ti podes dar luz ao mundo”, promove a realización de actividades (en liña e presenciais) que teñen como fin iluminar as zonas ensombrecidas do mundo para facilitar deste xeito unha reflexión sobre os problemas que sofren os países en desenvolvemento e promover ao mesmo tempo o valor da solidariedade na sociedade española.



En Manos Unidas sabemos que non podemos percorrer este camiño sós, por iso participamos con outras organizacións en diferentes campañas temáticas relacionadas coa nosa misión e estamos presentes en redes e organismos tanto nacionais como internacionais.

As 70 delegacións de Manos Unidas teñen un papel protagonista nesta tarefa de sensibilización e recadación de fondos, para a que desenvolven numerosas actividades.



Manos Unidas/Irene H-Sanjuán

Viaxes cos medios de comunicación

Ao longo do ano leváronse a cabo tres viaxes con medios de comunicación co obxectivo de dar a coñecer as diferentes realidades dos países e dos proxectos nos que traballa Manos Unidas. Os destinos foron Burundi, Nicaragua e Camboxa.

Clipmetraxes

Un ano máis o concurso de Clipmetraxes converteuse na estrela da sensibilización entre os máis novos. Ao concurso, que contou por terceiro ano consecutivo co apoio da AECID e que arrincou en outubro, presentáronse 836 vídeos dun minuto. A gañadora desta edición obtivo, como premio, unha viaxe a Etiopía co presidente do xurado, o director de cine Santiago Zannou.



Manos Unidas/Irene H-Sanjuán

Carreira solidaria

O 19 de outubro celebrouse na delegación de Murcia a III Carreira Solidaria co lema “Corre por Etiopía”. Os fondos recadados nesta actividade axudaron a

financiar un centro educativo que vai beneficiar a 60 nenos e 60 nenas en idade de preescolar en Abobo, unha pequena vila no país africano.



PROXECTOS



No 2014 Manos Unidas apoiou **608 novos proxectos** de cooperación ao desenvolvemento en **57 dos países con maiores índices de pobreza** de África, América e Asia. O importe dos proxectos aprobados este ano ascendeu a **39.806.408,50 euros** destinados integramente á mellora da calidade de vida de máis de 2.545.000 persoas que viven en condicións de pobreza e exclusión, privadas dos seus dereitos máis básicos.

Malia o avance dalgúns dos obxectivos enmarcados na Axenda de Desenvolvemento e o aumento do crecemento económico dalgúns países, segue incrementándose a desigualdade e a brecha entre os que máis teñen e os que menos. A crecente inestabilidade política de moitos países, os conflitos armados, as persecucións relixiosas, o aumento das redes de tráfico de persoas, os efectos do cambio climático sobre as poboacións máis vulnerables traducidos en secas prolongadas, inundacións ou epidemias, non só acentúan as condicións de pobreza e inseguridade alimentaria de millóns de persoas senón que son algunhas das causas que subxacen no aumento progresivo de desprazamentos internos e migracións.

Durante 2014 Manos Unidas respondeu a 41 situacións de emerxencia por importe de 1.633.000 euros en máis de 20 países. A nosa resposta ás emerxencias sempre foi a través dos socios locais e en coordinación con outras axencias ou organizacións humanitarias.

A crise do ébola que xurdiu a mediados de ano castigando severamente a países como Serra Leona ou Liberia provocou a resposta inmediata dos nosos doadores, grazas aos que puidemos facer un primeiro envío inmediato de fondos. En Oriente Medio e Próximo apoiámos intervencións tanto en Gaza como en Iraq e en Siria.

Interpelados polo esforzo de millóns de persoas en saír da pobreza, seguimos acompañando, avaliando e identificando novas propostas de proxectos que promovan un desenvolvemento sostible ou atendan situacións de emerxencia xurdidas directamente das necesidades das comunidades e dos socios locais cos que traballamos. A coordinación con outras organizacións de desenvolvemento nacionais e internacionais foi un factor importante na procura dunha maior eficacia no noso traballo.

África segue sendo o continente onde maior esforzo e investimento económico realizamos este ano.

A grande maioría dos proxectos identificados pola nosa ampla rede de socios locais e as comunidades coas que traballamos tratou de favorecer o acceso aos servizos básicos que promoveu o dereito á educación, a saúde, a auga e a alimentación.

Exemplo disto foron a construción de infraestruturas sanitarias e educativas, programas de sensibilización e vacinación, auga e saneamento ou programas agropecuarios e de xeración de ingresos para as persoas máis desfavorecidas.

Nos países cun baixo índice de desenvolvemento nos que traballamos en América Latina e Asia persisten as desigualdades e a pobreza extrema, tanto nos núcleos urbanos como nas zonas rurais. Os nosos proxectos orientáronse tanto á sensibilización e concienciación en dereitos como a reforzar as capacidades de homes e mulleres, e propiciar as condicións mínimas onde acadar uns medios de vida sostibles para facer fronte ás súas necesidades. Exemplo disto foi o apoio a iniciativas educativas, microcréditos, capacitación agropecuaria, construción de infraestruturas de rego, auga potable ou saneamento, sempre contemplando o enfoque de xénero.

PROXECTOS POR CONTINENTES

AMÉRICA
134 proxectos
22%



ÁFRICA
276 proxectos
45%

ASIA
198 proxectos
33%

PROXECTOS POR SECTORES

Manos Unidas apoia proxectos de desenvolvemento agrícolas, educativos, sanitarios, de promoción social e promoción da muller.



Agrícola: 94 proxectos
Importe: 10.120.007,37 euros
Beneficiarios: 162.945 directos

Agrícola
15%



Educativo: 224 proxectos
Importe: 11.717.000,79 euros
Beneficiarios: 103.027 directos

Sanitario
19%



Sanitario: 116 proxectos
Importe: 6.106.865,57 euros
Beneficiarios: 1.676.695 directos



Prom. Social: 95 proxectos
Importe: 6.486.482,86 euros
Beneficiarios: 441.292 directos

Promoción Social
16%



Prom. da Muller: 79 proxectos
Importe: 5.376.051,91 euros
Beneficiarios: 160.393 directos

Promoción da Muller
13%




Educativo
37%

Ademais atendemos a poboacións en situación de emerxencia e facilitamos axuda humanitaria en circunstancias que así o requiran

Proxectos de Manos Unidas no mundo en 2014

Ademais, continuamos apoiando economicamente proxectos de exercicios anteriores. No ano 2014, foron un total de 956 proxectos.



américa

**Total: 134 proxectos.
12.433.655,45 euros.**


1. Bolivia, 14 proxectos
2. Brasil, 10 prox.
3. Colombia, 5 prox.
4. Ecuador, 12 prox.
5. O Salvador, 11 prox.
6. Guatemala, 17 prox.
7. Haití, 12 prox.
8. Honduras, 3 prox.
9. México, 9 prox.
10. Nicaragua, 6 prox.
11. Panamá, 3 prox.
12. Paraguai, 6 prox.
13. Perú, 20 prox.
14. Rep. Dominicana, 6 prox.

áfrica

**Total: 276 proxectos.
16.510.197,30 euros.**

1. Angola, 4 proxectos
2. Benin, 17 prox.
3. Burkina Faso, 17 prox.
4. Burundi, 4 prox.
5. Camerún, 15 prox.
6. Chad, 3 prox.
7. Costa de Marfil, 5 prox.
8. Exipto, 2 prox.
9. Eritrea, 2 prox.
10. Etiopía, 12 prox.
11. Ghana, 11 prox.
12. Kenya, 16 prox.
13. Liberia, 1 prox.
14. Madagascar, 16 prox.
15. Malawi, 7 prox.
16. Malí, 4 prox.

Manos Unidas aprobou, en 2014, un total de 608 proxectos, en 57 países, por un valor de 39.806.408,50 euros.



asia

Total: 198 proxectos.
10.862.555,75 euros.

1. Bangladesh, 3 proxectos
2. Camboxa, 5 prox.
3. Filipinas, 3 prox.
4. India, 177 prox.
5. Iraq, 1 prox.
6. Israel, 4 prox.
7. Xordania, 1 prox.
8. Líbano, 1 prox.
8. Palestina, 1 prox.
9. Siria, 1 prox.
10. Vietnam, 1 prox.

17. Marrocos, 6 prox.
18. Mauritania, 10 prox.
19. Mozambique, 10 prox.
20. Níxer, 1 prox.
21. Rep. Centroafricana, 1 prox.
22. Rep. Dem. Congo, 20 prox.
23. Ruanda, 6 prox.
24. Senegal, 11 prox.
25. Serra Leona, 21 prox.
26. Somalia, 1 prox.
27. Sur Sudán, 6 prox.
28. Tanzania, 10 prox.
29. Togo, 3 prox.
30. Uganda, 11 prox.
31. Zambia, 15 prox.
32. Cimbabue, 7 prox.

áfrica

África segue considerándose unha rexión en alza dentro do marco económico mundial. Se ben o rápido crecemento económico continuou durante o ano 2014, as condicións de vida de moitos africanos non melloraron. O continente presentaba unha das taxas de desemprego xuvenil máis altas e seguía sendo a segunda rexión do mundo en desigualdades, despois de América Latina. En relación ao cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, a pobreza continuou diminuíndo en África, mais o ritmo non parece abondar para que a rexión cumpra o obxectivo de reducir á metade a pobreza en 2015. En 2014 os conflitos violentos afectaron a unha grande parte do continente.

Moitos países africanos fixeron fronte a graves desafíos de seguridade, consecuencia directa do aumento da violencia de grupos armados radicais, como Al Shabaab e Boko Haram.

Por outra banda, o brote da epidemia do virus do Ébola puxo de manifesto a debilidade dos sistemas de saúde e a inacción da comunidade internacional.



En Manos Unidas estamos moi atentos a estas circunstancias e ás súas consecuencias e seguimos apoiando ás comunidades sen visibilidade que se esforzan e traballan por saír adiante e construír unha vida digna.

Como medida para loitar contra a pobreza, apoiamos a seguridade alimentaria e a agricultura familiar con proxectos dirixidos aos pequenos agricultores, procurando a súa capacitación e promovendo a diversidade de cultivos.



Como exemplo da nosa acción, en Kilela Balanda, provincia de Katanga, na República Democrática do Congo (país que ocupa o penúltimo posto no IDH da ONU), a poboación sofre a inseguridade alimentaria de xeito crónico malia ser un lugar cunha climatoloxía favorable para a agricultura e dispoñer de terras e auga en abundancia. Os principais motivos son a falla de capacitación en técnicas agrícolas modernas, a carencia de sistemas de almacenamento e a dificultade para acceder ao mercado para vender a súa produción. Alí Manos Unidas apoia a 150 familias de agricultores a realizar un proxecto centrado na formación en técnicas agrícolas, a cría de animais e a construción dun depósito para almacenar as colleitas. A estratexia do proxecto foi mellorar e aproveitar as capacidades sociais e individuais xa existentes na comunidade. Esta iniciativa, orientada a acadar a seguridade alimentaria e a aumentar a produción agrícola, contribúe a loitar contra a pobreza na rexión.



américa

América Latina é un continente de grandes contrastes e enormes desigualdades, onde os sistemas políticos aínda son febles.

O crecemento considerable das súas economías baséase, nunha porcentaxe moi significativa, na explotación dos recursos naturais. É paradoxal que a forma irracional coa que se está a levar a cabo esta explotación estea a provocar o deterioro descontrolado de valiosos recursos naturais como o solo, a auga, os bosques, a biodiversidade, etc.

En América Latina o concepto do rural ten que entenderse máis aló das estatísticas oficiais e da actividade agropecuaria, recoñecendo que comprende dinámicas moito máis complexas que inclúen un conxunto de relacións económicas, sociais e ambientais entre a poboación que habita o campo, os centros urbanos (cos que se vinculan a través de ofertas de produtos e servizos de diversa índole) e os recursos naturais do seu territorio.

En 2014 os proxectos agropecuarios en América supoñen xa o 62% do orzamento total. Estes proxectos son elos dun proceso continuado que procura a súa propia sostibilidade de tal xeito que aseguren a soberanía alimentaria e contribúan aos ingresos familiares mediante a comercialización dos excedentes. Tamén damos unha grande importancia aos proxectos sociais, moitos deles dedicados á muller e que, en xeral, apoian iniciativas e proxectos que proporcionan sustento económico á unidade familiar. En Manos Unidas somos conscientes do papel da muller na economía familiar, por iso, aínda que é protagonista en todos os proxectos que realizamos, ten un protagonismo singular nos proxectos específicos de muller que supoñen o 20% do orzamento.

Na cidade de Tarija, no extremo sur de Bolivia, aprobamos e iniciamos un proxecto que pretende promover a inclusión social de colectivos en situación de desvantaxe e risco como son as mulleres vítimas de violencia de xénero, madres solteiras, madres adolescentes, mulleres con discapacidade múltiple ou en situación de vulnerabilidade por diversos motivos. O propósito da intervención en Tarija é axudar na mellora da situación de persoas presas no Penal Morros Blancos. Como non xeran ingresos económicos mentres cumpren a condena, moitos reclusos ven como se desintegra a súa familia a causa das necesidades básicas insatisfeitas. A situación das reclusas aínda é máis dramática xa que nin sequera poden alimentar axeitadamente aos seus fillos menores que viven con elas no Penal. O proxecto vaios capacitar e vai permitir que se dediquen a unha actividade que os vincule con elementos propios da súa terra, como a arxila. Están previstas canles de comercialización para os obxectos producidos.



asia

O **continente asiático** estivo afectado en 2014 por conflitos provocados polo home (guerras, persecucións, etc.) e seguiu traballando para recuperarse de traxedias naturais como o tifón Hayan en Filipinas.

En **India**, 680 millóns de cidadáns, o 56% da poboación, non ten medios para satisfacer as súas necesidades básicas de sustento diario nin de acceso aos servizos básicos, cunha desproporcionada maioría de poboación rural vivindo por debaixo do limiar da pobreza. Outro dos grandes problemas no país é a violencia contra a muller, pola frecuencia e virulencia dos casos así como pola impunidade dos agresores. O tráfico ilegal de mulleres é outra das súas grandes lacras. Ademais, agudizáronse o odio relixioso por parte dos extremistas hindús e as persecucións das comunidades cristiáns.

Filipinas atópase no período de recuperación tras o paso do tifón Hayan en 2013. Son moitas as familias que seguen sen ter casa ou perderon o seu xeito de gañarse a vida.

En **Camboxa** e **Vietnam**, o rápido crecemento económico dos últimos anos non se corresponde con melloras sociais. Millóns de nenos que continúan privados dos seus dereitos á saúde, á vivenda e á educación, permanecen en situacións de total desprotección.

En **Myanmar** estanse a incrementar os problemas de tráfico e desprazamento de persoas por conflitos étnicos e persecucións relixiosas.

A situación de **Oriente Medio** é dramática. En **Gaza**, o conflito armado do pasado xullo provocou unha crise humanitaria que aínda continúa hoxe; moitas familias perdérono todo e víronse obrigadas a fuxir ou a vivir debaixo dos cascallos dos seus fogares.

A ofensiva do Estado Islámico contra **Iraq** e **Siria** para crear “o califato” provocou unha guerra encarnizada que ameaza con estenderse por todo **Oriente Medio** e na que están a ser masacradas as comunidades cristiás e yazidíes. A situación provocou preto de 2.000.000 de desprazados.

En **Siria** catro anos de guerra civil deixaron xa máis de 200.000 mortos e preto de 3.000.000 de desprazados. A situación empeora por momentos e dende agosto de 2014 líbrase unha loita encarnizada contra as forzas do Estado Islámico que converteu esta guerra nunha das máis cruentas do século XXI.

Dende Manos Unidas traballamos para dar resposta a estas situacións. En Odisha (India) estamos a apoiar un programa de prevención do tráfico humano que se centra na identificación, rescate e detección de mulleres en risco, na realización de campañas de concienciación e, sobre todo, na capacitación das mulleres mediante a alfabetización, formación, desenvolvemento das súas capacidades e integración en grupos de autoaxuda. Ao mesmo tempo, promovemos actividades xeradoras de ingresos para que sexa posible mellorar as condicións de vida das mulleres vítimas do tráfico humano.



Manos Unidas: o compromiso dunha atención amante

Manos Unidas/Javier Mármol

En 1959 un grupo de mulleres de Acción Católica lanzou a primeira Campaña de Manos Unidas. O seu obxectivo: “declarar a guerra á fame”. Máis de medio século despois aquela loita segue viva, pois a pobreza de miles de millóns de homes e mulleres é “a cuestión que máis que calquera outra, interpela a nosa conciencia humana e cristiá”. É verdade que neste tempo ganáronse moitas batallas e, aínda que o inimigo é poderoso, cómpre seguir loitando para levar un raio de esperanza a tantas e tantas persoas que son golpeadas con especial cruexa por situacións de marxación e exclusión en moitos países do mundo.

A tarefa que desenvolve Manos Unidas coa preparación, execución e seguimento de tantos proxectos de desenvolvemento apoiada nos seus socios, voluntarios, colaboradores e traballadores, convértese nun sinal de esperanza para unha sociedade coma a nosa que, moitas veces, vive pechada en si mesma e á que se lle convida a descubrir, a través do voso traballo xeneroso, camiños sempre novos de solidariedade; tarefa que recoñecen moitos na nosa sociedade e que, dun xeito especial, agradecemos todos os bispos de España no documento “Igrexa, servidora dos pobres”².

Os pobres están no centro da tarefa de Manos Unidas. A súa dignidade, que nunca debe ser quebrantada e o sufrimento ao que lles condena a pobreza, móvennos a denunciar e combater as causas que a producen.

Pero esa tarefa que emprendemos, tamén nos enriquece a nós pois convértese en escola de solidariedade e experiencia de misericordia que transforma o noso corazón ao relacionarnos co próximo, e ilumina a vida social: “O noso compromiso —di o Papa Francisco— non consiste exclusivamente en accións ou en programas de promoción e asistencia; o que o Espírito mobiliza non é un desbordamento activista, senón ante todo unha atención posta no outro “considerándoo coma un consigo”. Esta atención amante é o inicio dunha verdadeira preocupación pola súa persoa, a partir da cal desexo procurar efectivamente o seu ben. Isto implica valorar

ao pobre na súa bondade propia, coa súa forma de ser, coa súa cultura, co seu modo de vivir a fe. O verdadeiro amor sempre é contemplativo, permítenos servir ao outro non por necesidade ou por vaidade, senón porque el é belo, máis aló da súa aparencia (...) Só desde esta proximidade real e cordial podemos acompañalos axeitadamente no seu camiño de liberación. Unicamente isto fará posible que «os pobres, en cada comunidade cristiá, sintanse coma na súa casa»³. Si, queridos amigos, cómpre que Manos Unidas sexa o fogar dunha grande familia onde os pobres sintanse como na súa casa, recoñecendo a cada persoa e a cada pobo o dereito que ten a “sentarse á mesa do banquete común”⁴.

Anímovos a seguir traballando coa constancia e xenerosidade a favor dos máis pobres.

A miña felicitación polo empeño co que os socios, colaboradores, voluntarios e traballadores desenvolvedes cada ano a Campaña de Manos Unidas acadando o financiamento de tantos proxectos. Douvos as grazas, de corazón, polo voso compromiso e entrega xenerosa, e pola vosa proximidade “cordial” que nos fai máis humanos. E, en especial, por ser caricia misericordiosa de Deus que axuda a espertar a nosa conciencia “moitas veces aletargada ante o drama da pobreza, para entrar aínda máis no corazón do Evanxeo, onde os pobres son os privilexiados da misericordia divina”⁵.

+ Carlos Escribano Subías
Bispo de Teruel e Albarracín
e Consiliario de Manos Unidas

¹ San Xoán Pablo II, Xornada Mundial da Paz ano 2000 (nº 14).


² Cfr. nº 57

³ Francisco, *Evangelii Gaudium* 199.

⁴ Cfr. San Xoán Pablo II, *Sollicitudo Rei Socialis* 33.

⁵ Francisco, *Misericordie Vultus* 15.





Manos Unidas/Sonsoles Fernández-Iriondo

- A **recadación** de Manos Unidas no ano **2014** foi de **43.143.318 euros**.
- O **87,1%** dos nosos **ingresos** proveñen de **fontes privadas** e o **12,9%** provén do sector público.
- Do total dos gastos, o **91,6%** foi **destinado aos fins de Manos Unidas** (o **86,6%** a Proxectos de desenvolvemento e o **5%** a Sensibilización).
- Os **socios**, dos que procede o **40,2%** dos ingresos, son a base fundamental de Manos Unidas.

ORIXE DOS INGRESOS

INGRESOS PRIVADOS: 87,1%

● Socios e doadores (1)	17.079.210.-
● Parroquias e entidades relixiosas	11.095.445.-
● Colexios	1.252.566.-
● Emerxencias	73.014.-
● Herdanzas e legados	4.974.530.-
● Outros	2.482.466.-
TOTAL SECTOR PRIVADO	36.957.231.-

INGRESOS PÚBLICOS: 12,9%

● Unión Europea	330.000.-
● Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento (AECID)	1.875.000.-
● Administración local e autonómica	3.287.682.-
TOTAL SECTOR PÚBLICO	5.492.682.-

INGRESOS DE RECADACIÓN: 100% 42.449.913.-

OUTROS INGRESOS (2) 693.405.-

TOTAL INGRESOS 2014: 43.143.318.-

DISTRIBUCIÓN DOS GASTOS

FINS DE MANOS UNIDAS: 91,6%

● Sensibilización	2.387.790.-
● Proxectos de desenvolvemento (3)	39.806.409.-
● Xestión de proxectos	1.654.494.-
TOTAL FINS DE MANOS UNIDAS	43.848.693.-

PROMOCIÓN E CAPTACIÓN DE RECURSOS: 1,9%

● Promoción y captación de recursos	899.128.-
-------------------------------------	-----------

ADMINISTRACIÓN E ESTRUCTURA: 6,5%

● Administración e estrutura	3.107.522.-
------------------------------	-------------

TOTAL GASTOS 2014: 47.855.343.-

DÉFICIT ANO 2014* -4.712.025.-

(1) Inclúe doazóns particulares, asociacións e fundacións, empresas e anónimos.


(2) Inclúen resultados extraordinarios, a devolución ou cancelación de axudas outorgadas nos anos anteriores, diferenzas de cambio positivas e provisións aplicadas.

(3) Esta cifra corresponde aos proxectos aprobados máis as anualidades dos diferentes convenios apoiados pola AECID.

* O déficit do ano 2014 compénsase cos superávits de campañas anteriores.


ORIXEN DOS INGRESOS

(de recadación)



* Colexios, Emerxencias, Actividades de sensibilización, Subvencións privadas, Ingresos financeiros e outros ingresos privados.

DISTRIBUCIÓN DOS GASTOS



Criterios de distribución dos gastos


Os gastos divídense entre os destinados ao cumprimento dos fins de Manos Unidas e os gastos de funcionamento.

- **GASTOS DE SENSIBILIZACIÓN:** inclúe os gastos da Área de educación para o desenvolvemento, así como os dedicados a este fin pola Área de comunicación.
- **GASTOS DE PROXECTOS:** inclúe o importe do total dos proxectos aprobados no exercicio, ademais dos gastos de xestión, persoal, auditorías e avaliacións de proxectos financiados.
- **GASTOS DE FUNCIONAMENTO:**
 - ▶ **Promoción e captación de recursos.** Inclúe os gastos da Área de Comunicación destinados a captar fondos e a promover a actividade da organización.
 - ▶ **Gastos de administración e estrutura.** Son os gastos orixinados na xestión e administración da organización.



Manos Unidas é unha organización comprometida firmemente coa transparencia dos seus fondos; de feito, é un dos nosos valores como institución, e é fiel reflexo da nosa aposta por responder perante a sociedade.

As nosas contas anuais sometéronse á auditoría de Espaudit Gabinete de Auditoría S.A.



Manos Unidas cumple os principios de transparencia e boas prácticas establecidos pola **Fundación Lealtad**.



Manos Unidas está cualificada para optar a financiamento pola **Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento**.



Manos Unidas cumple co compromiso de transparencia e bo goberno da **Coordinadora de ONGD de España**.

Pódese consultar o informe completo da auditoría en: www.manosunidas.org.
Tamén está dispoñible en formato papel nas delegacións de Manos Unidas.

agradecementos

O labor que realizamos en favor dos países máis pobres sería imposible sen os amigos e colaboradores de Manos Unidas. Unha longa listaxe de voluntarios, contratados, socios, doadores individuais e colectivos, empresas, bancos, asociacións e fundacións apoian este labor mediante doazóns, financiando conxuntamente proxectos de desenvolvemento, patrocinando iniciativas ou prestando servizos moi diversos. É especialmente relevante a achega das escolas e as parroquias.

A todos eles, moitas grazas.

A limitación do espazo dispoñible non nos permite citalos a todos. Non incluimos a relación de entidades que financian conxuntamente proxectos de desenvolvemento por figurar no noso "Libro de proxectos", editado xunto a esta memoria.

Empresas

- ▶ AARBEI CARTERA E INVERSIONES, S.L.
- ▶ ADVANTIA COMUNICACIÓN GRÁFICA
- ▶ ALFA-CENTAURIO PATRIMONIAL, S.L.
- ▶ ALMADRABA CABO DE PLATA, S.A.
- ▶ ALONSO INCEPTIO, S.L.
- ▶ ASTUR EUROPEA DE PROMOCIONES, S.A.
- ▶ AUTOBUSES LA VILLAVESA, S.A.
- ▶ BANC SABADELL, S.A.
- ▶ BANCO POPULAR, S.A.
- ▶ BANCO SANTANDER, S.A.
- ▶ BBVA
- ▶ BODEGAS Y VIÑEDOS VERUM, S.L.
- ▶ BON PREU, S.A.
- ▶ BUSINESS MORALES, S.L.
- ▶ CAIXABANK, S.A.
- ▶ CAJA RURAL DE SAN ISIDRO
- ▶ CARTONAJES SANTORROMAN, S.A.
- ▶ CERRO CANELA, S.L.
- ▶ CLINICAS DOCTOR JUAN CABRERA, S.L.

- ▶ COMPAS NORTE, S.A.
- ▶ CONSTRUCCIONES INMOBILIARIAS LOS ARCOS, S.L.
- ▶ CORPORACIÓN DE RADIO Y TELEVISIÓN ESPAÑOLA, S.A.
- ▶ COVALCO, S.L.
- ▶ CRE INGENIEROS, S.L.
- ▶ PATRIA HISPANA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS
- ▶ DESGUACES PARIS, S.L.
- ▶ DEVON HOLDING, S.L.
- ▶ EDIFICIOS AFELSA, S.L.
- ▶ EL CORTE INGLÉS, S.A.
- ▶ EMPRESA PLANA, S.L.
- ▶ ETS TRAVAUX VITICOLES, S.L.
- ▶ FIDELO VILLAREAL, S.L.
- ▶ GAYBA COMPLUTENSE, S. L.
- ▶ GESTINMÉDICA, S.L.
- ▶ HABANA 200, S.L.
- ▶ HERMANOS CLEMENTE PÉREZ, S.L.

- ▶ HEWLETT PACKARD ESPAÑOLA
- ▶ IBM ESPAÑA, S.A.
- ▶ INDUSTRIA DE TURBO PROPULSORES, S.A.
- ▶ INMOBILIARIA BEGASA, S.A.
- ▶ JPMORGAN CHASE BANK NATIONAL
- ▶ KH LLOREDA, S.A.
- ▶ LIBECROM, S.A.
- ▶ MANUFACTURAS RUIZ, S.A.
- ▶ MARU FINANCE SICAV, S.A
- ▶ METRAL, S.A.
- ▶ MONTE CARDO, S.A.
- ▶ MONTE CORINTO, S.L.
- ▶ N.S. INGENIERIA, S.L.
- ▶ NETOBRIIL, S.A.
- ▶ OSORMEGO, S.L.
- ▶ OS20 OUTDOOR, S.L.
- ▶ PAVASAL EMPRESA CONSTRUCTORA, S.A.
- ▶ PROYECTOS TAJINASTE, S.L.
- ▶ REITER SYSTEMS, S.A.
- ▶ RODA IBERICA, S.L.

QUERO COLABORAR CON MANOS UNIDAS

ME14

Enche este cupón, chama ao 900 811 888 o en www.manosunidas.org

Nome

Apelidos

NIF Data de nacemento

Domicilio completo

..... Código Postal

Poboación Provincia

Correo electrónico

Teléfono móbil Outro teléfono.....

IMPORTE

- 6 €
- 20 €
- €

PERIODICIDADE

- Mensual
- Unha soa vez
-

ACTUALIZACIÓN COTA

- o IPC anual
- un 5%
-%

As doazóns a Manos Unidas dan dereito á dedución fiscal correspondente, cos límites legais establecidos.

De acordo coa Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal, os teus datos forman parte dun ficheiro titularidade de Manos Unidas, declarado no Rexistro Xeral de Protección de Datos, creado coa finalidade de xestionar as doazóns recibidas pola organización. Así mesmo, os teus datos serán utilizados por Manos Unidas para manterte informado sobre outras actividades da nosa organización. Podes exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación mediante comunicación escrita a Manos Unidas - Dpto. de Protección de Datos, calle Barquillo nº 38 - 28004 Madrid, ou, por correo electrónico a protecciondatos@manosunidas.org.

Non desexo recibir información de Manos Unidas

ENTIDADES BANCARIAS PARA INGRESOS OU TRANSFERENCIAS

Bankia: ES06 2038 0603 2860 0103 6580 **CaixaBank:** ES18 2100 2261 5902 0013 9842
Ibercaja: ES33 2085 9252 0303 3043 0677 **Santander:** ES03 0049 0001 5422 1004 0002
Sabadell: ES67 0081 5240 0700 0194 1401 **Popular:** ES02 0075 0001 8506 0640 0006
BBVA: ES68 0182 2325 0800 1134 4904

(Por favor, envíanos o comprobante que che dará a entidade bancaria)

ORDE DE DOMICILIACIÓN DE ADEUDO DIRECTO SEPA

Titular Conta

Número de conta IBAN

Mira o teu talonario, cartilla ou extracto e enche os datos do mesmo na súa totalidade.

.....

TARXETA DE CRÉDITO

..... Caduca fin de:

Sinatura do titular:

Data: de de 201.....

Mediante a sinatura desta orde de domiciliación, o debedor autoriza a (A) Manos Unidas a enviar instrucións á entidade do debedor para cargar na súa conta e (B) á entidade para efectuar os cargos na súa conta seguindo as instrucións de Manos Unidas.

Para calquera consulta podes dirixirte a: socios@manosunidas.org ou ao 91 308 20 20

- ▶ THE FUTBOLING COMPANY, S.L.
- ▶ TRADUCCIONES CHAMPOLLION, S.L.
- ▶ TRANSLATOR LEGAL AND FINANCIAL, S.L.
- ▶ UNIVERSAL DE ALIMENTACION, S.A.
- ▶ VODAFONE ESPAÑA, S.A.

Asociacións e Fundacións

- ▶ AMAS DE CASA BESANA
- ▶ AMAS DE CASA DE BARBASTRO
- ▶ AMIGOS DE SAN VIATOR
- ▶ ASOCIACIÓN CULTURAL CARMINA
- ▶ ASOCIACIÓN DE EMPLEADOS DE LOS NIVELES 10 AL 14 DEL GRUPO DIRECTIVO DEL BANCO DE ESPAÑA
- ▶ ASOCIACIÓN DE LA PRENSA DE MADRID
- ▶ ASOCIACIÓN DE MUJERES DE SALDAÑA
- ▶ ASOCIACION EL CASTRICO
- ▶ ASOCIACIÓN HAITI SIGLO XXI
- ▶ ASOCIACIÓN JUVENIL BRIJOVEN DE BRIHUEGA
- ▶ ASOCIACION MEDALLA MILAGROSA (MÁLAGA)
- ▶ ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL AMIGOS CORDOBESES CON EL TERCER MUNDO
- ▶ ASOCIACION 2034
- ▶ CÁRITAS DIOCESANA DE PLASENCIA
- ▶ CLUB NAZARET
- ▶ COLEGIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE JAÉN
- ▶ COLEGIO OFICIAL DE FARMACÉUTICOS DE JAÉN
- ▶ COLEGIO OFICIAL DE MÉDICOS DE JAÉN
- ▶ COLEGIO OFICIAL DE MEDICOS DE SEVILLA
- ▶ COLEGIO OFICIAL DE MÉDICOS DE TOLEDO
- ▶ CORAL MONTEMAR
- ▶ FUNDACION ANSELMO PIE SOPENA

- ▶ FUNDACION CAJA RURAL DE TOLEDO
- ▶ FUNDACION CANARIA IOHANNES BAPTISTA
- ▶ FUNDACIÓN CANARIA NARANJO GALVÁN
- ▶ FUNDACIÓN CARMEN GANDARIAS
- ▶ FUNDACIÓN COPRODELI
- ▶ FUNDACIÓN FUENTES DUTOR
- ▶ FUNDACIÓN JESÚS Y SAN MARTÍN
- ▶ FUNDACIÓN L&L BHAGWANDAS SIRWANI PALACIO ORIENTAL
- ▶ FUNDACIÓN LAGUNTZA
- ▶ FUNDACIÓN MARCELINO CHAMPAGNAT
- ▶ FUNDACIÓN MUTUA MADRILEÑA
- ▶ FUNDACIÓN UNIVERSITARIA SAN ANTONIO
- ▶ FUNDACIÓN VIRGEN DE LOS DOLORES
- ▶ GRUPO HORIZONTE
- ▶ GRUPO SOLIDARIO DE AMPUDIA
- ▶ JOVES CRISTIANS DE VILAFRANCA
- ▶ MOVIMIENTO SCOUT CATÓLICO (ALMADÉN)
- ▶ PROCLADE BETICA

Convenios

- ▶ AXIS AUTOMATION, S.L.
- ▶ BANKIA
- ▶ BANSABADELL VIDA, S.A.
- ▶ BERMAX 5000, S.L.
- ▶ BOURGEOIS FINCAS, S.L.
- ▶ CAIXABANK, S.A.
- ▶ DKV SEGUROS, S.A.U.
- ▶ FUNDACIÓN CAJA MURCIA
- ▶ FUNDACIÓN CAJASUR
- ▶ FUNDACIÓN JESUS SERRA
- ▶ GMV EUROLIT, S.A.

- ▶ HIDROALTAUX, S.L.
- ▶ HNOS. MATEO LORENZO, S.A.U.
- ▶ RACC
- ▶ RADIO POPULAR, S.A.
- ▶ SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELÉGRAFOS, S.A.
- ▶ SOLUCIONES NETQUEST DE INVESTIGACIÓN, S.L.
- ▶ DONATOR WORD, S.L.

Patrocinios

- ▶ ATLAS COMERCIAL INDUSTRIAL (CONCIERTO 24H.)
- ▶ BANCO POPULAR (PREMIO CARTEL Y RELATO INFANTIL)
- ▶ BANCO SANTANDER (PREMIO PRENSA)
- ▶ CAIXABANK (PREMIO CARTELES)
- ▶ CAJA RURAL DE SALAMANCA (EXPOSICIÓN)
- ▶ EL CORTE INGLÉS (TEATRO)
- ▶ FUNDACIÓN PwC (PREMIO ESPECIAL)
- ▶ OBRA SOCIAL LA CAIXA (CONCURSO LITERARIO GRANOLLERS)

Medios de Comunicación

Manos Unidas agradece especialmente a todos os medios de comunicación, nacionais, autonómicos e locais (xornais, revistas, emisoras de radio e televisión) a difusión das nosas mensaxes e a publicación gratuíta dos nosos anuncios.

A todos, moitísimas grazas

Faite socio
Colabora

RESPUESTA COMERCIAL
Autorización nº 12.979
B.O.C. Nº15 del 11/02/94

Franqupear
en destino

Manos Unidas
Apartado nº: 1.154 F.D.
28080 Madrid

E en 2015...

LOITAMOS CONTRA LA POBREZA



apuntaste?

delegacións de manos unidas (enderezos)

- 15001 A CORUÑA**
Marqués de Cerralbo, 11 bajo. Tfno. 981 205 659
- 02002 ALBACETE**
Teodoro Camino, 6-5º izda. Tfno. 967 212 315
- 28802 ALCALÁ DE HENARES (Madrid)**
Vía Complutense, 8 bis. Tfno. 918 833 544
- 03003 ALICANTE**
Arquitecto Morell, 10-2ª esc., 1º H
Tfno. 965 922 298
- 04001 ALMERÍA**
Ricardos, 9-1º izda. Tfno. 950 276 780
- 24700 ASTORGA (León)**
Martínez Salazar, 8-1º. Tfno. 987 602 536
- 05001 ÁVILA**
Plaza del Rastro, 2 bajo. Tfno. 920 253 993
- 06005 BADAJOZ**
Avda. Antonio Masa, 11. Tfno. 924 248 951
- 22300 BARBASTRO (Huesca)**
Juan de Lanuza, 6 bajo. Tfno. 974 315 614
- 08037 BARCELONA**
Pau Claris, 190-1º, 1º. Tfno. 934 877 878
- 48005 BILBAO**
Plaza Nueva, 4-3º. Tfno. 944 795 886
- 09005 BURGOS**
Clunia, s/n. Tfno. 947 220 687
- 10003 CÁCERES**
General Ezponda, 14-1º. Tfno. 927 214 414
- 11001 CÁDIZ**
Hospital de Mujeres, 26. Tfno. 956 214 972
- 12001 CASTELLÓN**
San Luis, 15 entresuelo, 1º A. Tfno. 964 228 858
- 51001 CEUTA**
Plaza de África, s/n. Tfno. 956 511 253
- 13001 CIUDAD REAL**
Caballeros, 7-2º planta. Tfno. 926 255 467
- 37500 CIUDAD RODRIGO (Salamanca)**
Díez Taravilla, 15. Tfno. 923 482 035
- 14008 CÓRDOBA**
Concepción, 4-1º C. Tfno. 957 479 578
- 16002 CUENCA**
Avda. República Argentina, 27. Tfno. 969 222 022
- 15402 FERROL (A Coruña)**
Magdalena, 153-1º dcha. Tfno. 981 300 318
- 28901 GETAFE (Madrid)**
Almendo, 4-2º. Tfno. 916 838 985
- 17002 GIRONA**
S. J. Bautista La Salle, 19-2º, 2º
Tfno. 972 200 525
- 18009 GRANADA**
Plaza Campillo, 2-5º G y H. Tfno. 958 226 620
- 19005 GUADALAJARA**
Avda. Venezuela, 9 - Col. Sanz Vázquez
Tfno. 949 218 220
- 18500 GUADIX (Granada)**
Pº. Ismael González de la Serna, 1 bajo
Tfno. 958 663 592
- 21004 HUELVA**
Doctor Cantero Cuadrado, 1-1ª planta sala 7.
Tfno. 959 253 388
- 22002 HUESCA**
Plaza de la Catedral, 8. Tfno. 974 226 556
- 07800 IBIZA**
Pedro Francés, 12-2º. Tfno. 971 312 774
- 22700 JACA (Huesca)**
Seminario, 8-3º. Tfno. 974 362 251
- 23007 JAÉN**
Maestro Bartolomé, 7 dpdo. Tfno. 953 250 114
- 11402 JEREZ DE LA FRONTERA (Cádiz)**
Sevilla, 53. Tfno. 956 180 156
- 35003 LAS PALMAS DE GRAN CANARIA**
Ángel Guerra, 26 bajo. Tfno. 928 371 307
- 24003 LEÓN**
Sierra Pambley, 6-3ºC. Tfno. 987 248 408
- 25002 LLEIDA**
Blondel, 11-2º. Tfno. 973 269 104
- 26004 LOGROÑO**
Obispo Fidel García, 1. Tfno. 941 247 888
- 27001 LUGO**
Cruz, 1B-1º. Tfno. 982 255 567
- 28013 MADRID**
Gran Vía, 46-4º. Tfno. 915 221 783
- 07701 MAHÓN (Menorca)**
Carrero des Mirador de ses Monges, 1
Tfno. 971 369 936
- 29015 MÁLAGA**
Strachan, 6-3º izda. Tfno. 952 214 447
- 30001 MURCIA**
Pza. Beato Andrés Hibernón, 1 entlo. izda.
Tfno. 968 214 029
- 32004 ORENSE**
Mestre Vide, 2, bajo Tfno. 988 233 782
- 33003 OVIEDO**
San Isidoro, 2 bajo. Tfno. 985 203 161
- 34001 PALENCIA**
Gil de Fuentes, 12-2º izda. Tfno. 979 752 121
- 07001 PALMA DE MALLORCA**
Seminario, 4. Tfno. 971 718 911
- 31006 PAMPLONA**
Avda. Baja Navarra, 64-1º. Tfno. 948 210 318
- 10600 PLASENCIA (Cáceres)**
Las Veras, 3. Tfno. 927 421 707
- 36003 PONTEVEDRA**
Peregrina, 50 entreplanta. Tfno. 986 850 812
- 37002 SALAMANCA**
Rector Lucena, 20-5º A. Tfno. 923 261 547
- 20005 SAN SEBASTIÁN**
Loyola, 15-3º izda. Tfno. 943 424 510
- 08980 SANT FELIÚ DE LLOBREGAT (Barcelona)**
Armenteres, 35-3º. Tfno. 936 327 630 ext. 57
- 38002 SANTA CRUZ DE TENERIFE**
Pérez Galdós, 26-3º dcha. Tfno. 922 243 442
- 39001 SANTANDER**
Rualasal, 5-2º dcha. Tfno. 942 227 807
- 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A Coruña)**
Rúa del Villar, 18 apdo. 456. Tfno. 981 584 966
- 40001 SEGOVIA**
Seminario, 4 bajo. Tfno. 921 460 271
- 25700 SEU D'URGELL (Lleida)**
Pati Palau, 1-5. Tfno. 973 351 266
- 41004 SEVILLA**
Plaza Virgen de los Reyes, s/n. Tfno. 954 227 568
- 25250 SOLSONA-BELLPUIG (Lleida)**
Avda. Preixana, 16. Tfno. 973 320 183
- 42002 SORIA**
San Juan, 5-1º. Tfno. 975 231 490
- 50300 TARAZONA-CALATAYUD (Zaragoza)**
Ramón y Cajal, 6-4º. Tfno. 976 889 514
- 43001 TARRAGONA**
Rambla Nova, 119 esc. A, 2º 2º. Tfno. 977 244 078
- 44001 TERUEL**
Yagüe de Salas, 18 bajo. Tfno. 978 611 845
- 45002 TOLEDO**
Trinidad, 12. Tfno. 925 229 911
- 43500 TORTOSA (Tarragona)**
Mercaders, 2 bajo. Tfno. 977 511 428
- 46003 VALENCIA**
Pza. de la Comunión de S. Esteban, 1 bajo
Tfno. 963 919 129
- 47002 VALLADOLID**
Simón Aranda, 13-1º. Tfno. 983 305 065
- 08500 VIC (Barcelona)**
Ronda de Camprodón, 2. Tfno. 938 861 555
- 36204 VIGO (Pontevedra)**
Vázquez Varela, 54-2º B. Tfno. 986 423 696
- 01004 VITORIA (Álava)**
Fueros, 6-1º izda. Tfno. 945 231 179
- 49003 ZAMORA**
Plaza del Seminario, 2. Tfno. 980 532 091
- 50001 ZARAGOZA**
Plaza de la Seo, 6-2º planta. Tfno. 976 291 879



Manos Unidas

Premio Príncipe de Asturias
da Concordia 2010

*Grazas a todos os
que o fixeron posible*

Manos  Unidas

SERVICIOS CENTRALES

Barquillo, 38-3º. 28004 Madrid

Tel.: 91 308 20 20 - Fax: 91 308 42 08

www.manosunidas.org - info@manosunidas.org